

A VOZ DE Barbantia

CONVIDADO

MANUEL AYASO | PINTOR

«A arte é amor feito visible»

O creador de Ribeira considera esenciais na súa formación a artistas de primeira fila como Goya, Picasso, O Bosco e Leonardo

Pastor Rodríguez

Nunha das estancias de Manuel Ayaso en Ribeira, artista afincado nos Estados Unidos, conversamos para pasar revista á súa pintura, e comezamos interrogándoo sobre a súa formación artística: «Estudei Belas Artes en New Jersey, pintando a partir de modelos nus e de copias de esculturas famosas, ao tempo que recibía unha ampla formación en historia da arte, que é esencial para un pintor. Non esquecemos tampouco a pintura ao aire libre nin as naturezas mortas, copias que facíamos en diferentes técnicas como o óleo, a acuarela ou a técnica mixta».

Non podía faltar tampouco a pregunta polos pintores que considera esenciais na súa formación, e a resposta é directa: «Goya, Picasso, O Bosco, e os debuxos de Leonardo». Unha vida artística que pasou por varios estilos e por unha evolución até lograr unha arte inconfundible: «Pasei polo influxo do cubismo, pola pintura mexicana dos muralistas, sobre todo Orozco, pero funme atopando a min mesmo nun estilo que eu considero expresionismo simbólico».

Moitos anos en Estados Unidos, que o levan a afirmar que «o ambiente artístico americano é impresionante, unha ola a ferver, onde hai artistas de todas as partes do mundo, todos os estilos e influencias».

Proceso creativo

Todos os pintores teñen unha preferencia pola luz ou pola cor, e Ayaso considera que na súa obra é esencial o debuxo. Mais interesámonos polo seu proceso creativo: «Despois de ter unha idea, aínda que non estea moi definida, pouco a pouco vaíse revelando a obra en por si, e a min gústame improvisar e íla refinando até quedar satisfeito. A arte é amor feito visible». Pasamos logo a falar da arte galega de hoxe e di non coñecela en exceso, pero si que ten moitos pintores bos e interesantes. Tamén outras artes coma o gravado foron cultivadas por Ayaso, aínda que considera que o gravado é para el secundario, empregando sempre a técnica da punta seca, e que a arte gráfica é unha maneira de vender máis barato.

Aínda que escapa algo de falar da arte galega, a nosa insistencia lévao a destacar nos pintores nosos a Sotomayor, Laxeiro, Seoane e as caricaturas de Castelao, e entre os actuais cita a Novoa, Leiro, Quintana Mar-

telo, Alfonso Costa, Xaime Quessada e Jorge Castillo.

Se algo destaca para o espectador na obra de Manuel Ayaso é a particular temática que o fai inconfundible: «O tema da miña obra está baseado nos recordos da infancia en Aguiño, cunha forte presenza da temática relixiosa, das traxedias da Costa da Morte, e das lendas e supersticións galegas, pero hai tamén influencias literarias de Rosalía, Valle-Inclán, Kafka ou García Márquez».

Estamos neste Barbanza das súas

Este mozo que marchou hai sesenta anos vai agora realizar unha importante exposición na cidade de San Francisco, dunhas obras nas que sempre predomina o ton humanista, persoal, inconfundible, porque Ayaso cre que el sempre fará unha pintura figurativa, onde o ser humano é esencial. Con obra presente en moitos museos e coleccións, tanto galegas como españolas e norteamericanas, o pintor ten claro que o museo «é a mellor forma de que a obra dun artista perdure».



lembranzas e comenta que estamos aínda moi afastados dos circuitos da arte contemporánea, porque faltan grandes marchantes e máis campañas publicitarias para promocionar os nosos valores. Séntese un pintor bastante recoñecido en Galicia e define a súa arte coa palabra «honestidade».

Morriña

Un artista que considera que en toda a súa obra «vai toda a morriña que un galego sente pola súa terra cando está fóra. Eu saín de Aguiño para Estados Unidos en 1947, pero foi só o corpo quen marchou, mentres a alma permaneceu en Aguiño».

PERFIL

Un mozo nado en Aguiño que triunfa nos Estados Unidos

Un mozo, nado en Aguiño en 1934, marcha en plena posguerra para os Estados Unidos. Estamos en 1947 e quere ser pintor. De 1953 a 1956, Manuel Ayaso realiza estudos na Newark School of Fine and Industrial Arts de Newark, en New Jersey.

Logo comeza unha carreira artística que o levará a ter un mundo persoal na pintura, inconfundible, de profundas raíces galegas, pero raíces en contacto cunha ampla formación académica e coa pintura norteamericana, nun país amplísimo, plural na arte e moi competitivo. Malia iso, impondrá a súa visión do mundo e logrará expoñer con éxito en New York, Worcester, no Museo Nacional de Arte Americano de Washington, no Instituto das Artes de Minneapolis, no Centro de Arte de Arkansas, na galería Norton de Florida, e en moitas outras cidades dos Estados Unidos. Mais tamén exporá na Cidade do Vaticano e, como non, en Galicia, onde cada vez é máis recoñecido, sendo recentemente galardoado coa Paleta de Prata da Asociación de Artistas Plásticos Galegos.

Influxos

Un mundo pictórico onde o debuxo é fundamental, mais tamén a cor e o expresionismo das figuras que nos levan a un ámbito máxico, a miúdo onírico, fantástico, conectado co soto da memoria infantil, co mundo galego das crenzas e das supersticións, pero no que non faltan os influxos do Bosco e de Valle-Inclán. Isto sorprenderá aos críticos que ven a pervivencia das nosas raíces e dos nosos mitos nun pintor cosmopolita e que leva tanta anos fóra de Galicia. Ayaso é un pintor orixinal que rende homenaxe ao mundo do esperpento e ao mundo de Goya, unha mirada persoal e ao mesmo tempo universal.

O crítico do The New York Times, John Canaday, dicía xa en 1961, que Ayaso era «un home único e verdadeiramente un extraordinario debuxante. Michael Lenson afirmaba que as experiencias subxectivas de Ayaso se convertían en verdades universais».